



ANUNCIO

A Alcaldía con data 05-12-2024, ditou a Resolución 1589/2024 que a continuación se transcribe:

**"RESOLUCION DA ALCALDIA
ASUNTO: NOMEAMENTO DE PABLO COTELO DÍAZ**

EXPEDIENTE: PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO/A, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE VIMIANZO.

EXPT. TEDEC: 2024/E001/000011

ANTECEDENTES

Consta no expediente a Providencia de Alcaldía que xustifica a necesidade e urxencia de iniciar o expediente para abrir o proceso de selección para a elaboración desta bolsa de traballo, con data do 05/09/2024.

As bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 1115/2024 do 09/09/2024.

Publicouse o extracto do anuncio no BOP núm. 177, do 13/09/2024.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1288/2024 do 08/10/2024 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1312/2024 do 11/10/2024 aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas, composición do tribunal e información sobre a data das probas.

Constan no expediente as actas do tribunal e a proposta para a Alcaldía, con datas de 16/10/2024, 21/10/2024, 28/10/2024, 31/10/2024 e 04/11/2024.

O anuncio coas puntuacións e proposta provisionais publicouse no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo o día 04/11/2024 e durante o prazo que consta na base sétima non se presentaron alegacións.

Tense en consideración a acumulación de tarefas en asuntos relacionados coa Contratación Pública e con expedientes de Urbanismo que é preciso solventar para a mellora do servizo á cidadanía. Dado que o persoal de Secretaría asociado a Urbanismo vai estar de vacacións e o secretario xeral se atopa de baixa por paternidade, non hai quen acolla e oriente ao novo persoal nos próximos días, polo que ese nomeamento se retrasa ata o mes de xaneiro.

Por Resolución de Alcaldía núm. 1502/2024 do 18/11/2024 aprobouse a bolsa de traballo e o chamamento das dúas primeiras persoas que a conforman. Consta o rexeitamento desas persoas e procede continuar coa lista para cubrir os postos vacantes. A bolsa aprobada ten a seguinte orde de prelación:



	NÚM. EXPEDIENTE	NOME	APELIDOS	DNI*	TOTAL
1	2024/E002/000055	MARIA DEL PILAR	RAMA NUÑEZ	***1579**	79,96
2	2024/E002/000067	DANIEL	GOMEZ BOLON	***2647**	63,41
3	2024/E002/000054	PABLO	DIAZ COTELO	***7363**	52,00
4	2024/E002/000068	ROSA LORENA	LEIRA LOPEZ	***5572**	44,83
5	2024/E002/000065	SERGIO	SUAREZ POSE	***9420**	44,00
6	2024/E002/000057	DANIEL	VEIRA FERRIN	***8328**	42,50
7	2024/E002/000060	JOSE FRANCISCO	GARCIA DOMINGUEZ	***7929**	37,50

Por Resolución de Alcaldía núm. 1560/2024 do 26/11/2024 aprobouse o chamamento das dúas seguintes persoas da lista (3ª e 4ª), que comunicaron a súa aceptación.

Consta o informe sobre a documentación presentada por Pablo Díaz Cotelos, emitido pola técnica de Desenvolvemento Local con data do 05/12/2024.

Consta o informe favorable de Intervención, emitido con data do 05/12/2024.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 10.1.d) do TREBEP recolle o nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Tense en conta a base oitava, relativa á relación de aprobados, ao chamamento e ao nomeamento.

Considérase o artigo 21 (letras d, g e s) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o nomeamento de Pablo Díaz Cotelos, con DNI [REDACTED], como funcionario interino do Concello de Vimianzo, a xornada completa, para cubrir unha vacante de Administrativo por exceso ou acumulación de tarefas en Secretaría, segundo o artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses e coa duración máxima de nove meses, ampliación supeditada a razóns do servizo e á xustificación de Alcaldía. Establécese como data de inicio o 10/12/2024 e data de finalización o 09/06/2025.

[...]"



E para que así conste, por orde e co visto e praxe da Sra.alcaldesa, expido esta certificación, en Vimianzo.